Concello de Outes

FRANCISCO CALO ABELLEIRA (1 para 1)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 28/09/2026
HASH: c333dba8ba227a4c32ed8a43a4899f6a

BANDO INFORMATIVO

AMPLIACIÓN DE HORARIO POLA FESTA DO SAN CAMPIO EN SANTO OURENTE

D. FRANCISCO CALO ABELLEIRA, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAGO SABER:

Que con motivo da celebración da Festa do San Campio en Santo Ourente, acordouse a ampliación de horarios de peche dos establecementos públicos, segundo o disposto a continuación:

PRIMEIRO. **Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecementos públicos,** *en todo o termo municipal, durante a* **noite do 28 ao 29 de setembro de 2026 .**

SEGUNDO. *Os establecementos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración da festa, serán* **aqueles que conten con licenza municipal para actividade de hostalaría** *(bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.*

A prolongación do horario *permitido de peche* **debe respectar, en todo caso**, *as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.*

TERCEIRO. *Os establecementos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que* **entre o peche e a apertura dos establecementos sempre deberá transcorrer o período mínimo obrigatorio de 4 horas.**

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.

O Alcalde, D. Francisco Calo Abelleira.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.

Cod. Validación: 3GL5TRTYTC7563WPJRD3EKSW4
Corrección: https://outes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1